

## Capela de San Bieito

020076

### Datos de Localización

Capela

|                     |                                       |
|---------------------|---------------------------------------|
| <b>Nomenclator:</b> | 3201205                               |
| <b>Coord. UTM:</b>  | <b>X:</b> 603175<br><b>Y:</b> 4648166 |
| <b>Concello:</b>    | Os Blancos                            |
| <b>Parroquia:</b>   | GUNTÍN                                |
| <b>Lugar:</b>       | Guntín                                |
| <b>Tipoloxía:</b>   | Arquitectura Religiosa                |
| <b>Tipo:</b>        | Capelas                               |
| <b>Subtipo:</b>     | Capela                                |



**Denominación:** Capela de San Bieito

**Etapa Histórica:** Idade Moderna

**Estilo relevante:** Popular

**Outros Estilos:**

**Descrición:**

Atópase saíndo do núcleo de Guntín en dirección aos Cuquexos, no primeiro desvío á esquerda. Concretamente no pequeno outeiro denominado O San Bieito.

Esta construción, feita en perpiaño presenta planta rectangular co presbiterio lixeiramente máis baixo e estreito e cuberta de tella do país a tres augas. Atópase rodeada por un muro de cachotería cunha serie de chanzos para acceder á fachada principal.

A súa portada é adintelada con lumieira, enriba ten un pequeno vano rectangular con inscrición numérica na parte superior. Remata cunha espadana dun só corpo con arco de medio punto, albergando unha campá, e coroada por unha cruz de granito.

No lateral esquerdo ten unha porta adintelada e na zona do presbiterio, no chan, un sartego antropomorfo. No paramento da fachada lateral dereita apréciase unha porta macizada, aliñada coa esquerda; na parte superior da zona do presbiterio ábrese unha ventá rectangular. Na fachada traseira, que se corresponde co presbiterio, nun dos seus sillares hai unha cruz gravada e pintada en cor negra.

A capela fíxose no século XVI e reformada no XVIII.

No libro de GUNTÍN 4.8.7., aparecen as seguintes referencias:

fol.50v. Visita do 22 de Xuño de 1656:

"Ay dos Hermitas una de nuestro Padre San Benito y la otra de San Pedro"

fol.73v. Visita do 30 de Xuño de 1679.

Volve a citar so a ermida de San Bieito.

### DOCUMENTACIÓN:

-Inventario del patrimonio arquitectónico de interés histórico artístico. Ministerio de Cultura.

A.H.D.OU.

GUNTÍN

Libro 4.8.7.

**Características Construtivas**

**Plantas:** Baixa

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito e madeira

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

**Construtivos:**

**Decorativos:** Inscrición numérica na fachada principal, na parte superior dun vano: "1867".  
Na zona do presbiterio, concretamente na fachada traseira aparece unha cruz gravada e pintada de cor negra.

**Delimitación do Ben e da contorna**

**Situación:** Outros

**Area de Protección:** 100 m.

**Protección**

**Tipo de ben:** Inventariado

**Proposta de tipo de ben:**

**Estado de Tramitación:** Declarado

**Nivel de Protección Arq.:** Integral

**Proposta Nivel de Protección Arq.**

**Grao de Protección Arq.:** ----

**Proposta Grao de Protección Arq.** ----

**Xustificación da Protección:**

**Titularidade**

**Polígono:**

**Parcela:**

**Conservación-Intervención**

**Estado de Conservació** Bo

**Uso Actual:** Religioso

**Alteracións Morfolóxicas**

**Tipo:**

**Data:**

**Descrición:**

**Proyecto:**

**Proxecto:**

**Axentes:**

**Observacións:** Encintado de cemento. Cuberta de tella nova. Nun sillar da fachada traseira (zona do presbiterio) cruz gravada pintada en cor negra.

## Bens Mobles

| Nome                     | Subtipo   | Localización         |
|--------------------------|-----------|----------------------|
| Sartego A pedra do santo | Sarcófago | Capela de San Benito |























